



Resolución do 19 de xaneiro de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión en comisión de servizo de postos de traballo no órgano de nova creación entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (LOPX), regula no seu artigo 527.1º a provisión temporal de postos vacantes mediante a comisión de servizos entremetres non resulte posible a súa provisión definitiva mediante concurso de traslados.

Coa finalidade de dotar o cadro de persoal do órgano xudicial de nova creación en Galicia, establecido no *Real Decreto 1052/2021, de 30 de novembro, de creación de cincuenta e seis unidades judiciais correspondientes a la programación de 2021 y de cuatro plazas de Juez de Adscripción Territorial (BOE núm. 287)*, procede anunciar a súa provisión temporal co obxecto de que o persoal funcionario interesado poida solicitar as oportunas comisións de servizos.

Daquela, en aplicación das competencias que lle corresponden a este órgano consonte o artigo 20.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2397/1996, sobre transferencia a esta comunidade de medios persoais para o servizo da Administración de xustiza, co artigo 525 da LOPX e mais co Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Obxecto*

O procedemento e a convocatoria teñen por obxecto posibilitar a provisión de forma temporal, mediante comisión de servizos, dos postos de traballo reservados ao persoal funcionario integrante dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial que se indican no anexo I.

O cadro de persoal do órgano xudicial está pendente de aprobación, polo que o número de postos convocado pode ter modificacións.

Segundo. *Solicitantes*

Poderán solicitar as comisións de servizos, con exención de funcións nos seus postos actuais, o persoal funcionario de carreira dos corpos ao servizo da Administración de xustiza que se atope en situación de servizo activo no mesmo corpo dos postos que se convocan e que no prazo de presentación de solicitudes leve prestando como mínimo seis (6) meses de servizos no posto desde o que participa, xa sexa provisional ou definitivo.

Terceiro. *Criterios de adxudicación*

A adxudicación das comisións de servizo farase con base na maior puntuación obtida tras se aplicaren os criterios de antigüidade no corpo e nivel de coñecemento da lingua galega, segundo o establecido no anexo II da presente resolución. En caso de empate acudirase ao escalafón.





Aquelas persoas solicitantes que durante o procedemento de resolución das comisións de servizo convocadas pola presente resolución obteñan destino definitivo mediante calquera outro proceso de provisión, entenderase que desisten da solicitude presentada ao abeiro desta convocatoria.

Cuarto. *Solicitudes*

As persoas interesadas, deberán presentar unha instancia axustada ao modelo que se axunta como Anexo II a esta resolución.

Quinto. *Informe*

Para cumprir co previsto no artigo 73 do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza, as solicitudes irán acompañadas co informe, preceptivo e non vinculante, da persoa responsable do órgano, servizo ou unidade no que se atope destinado o persoal funcionario solicitante. No caso de que o órgano correspondente non emita informe, entenderase que é favorable, sempre que a persoa interesada acredite que o solicitou.

Ademais, para o caso de que o destino da persoa solicitante radique fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, esta deberá presentar, xunto coa solicitude, o informe favorable do Ministerio de Xustiza ou órgano competente da comunidade autónoma respectiva. De non ser posible, deberá presentar acreditación de que efectivamente o solicitou.

Sexto. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>).

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Xustiza e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, conforme o modelo que se inclúe como anexo II. Para a remisión de dita solicitude, na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) está dispoñible o modelo de solicitude xenérica co código PR004A, e para a súa presentación poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Sétimo. *Características das comisións de servizos*

A provisión temporal das prazas ofertadas concederase co carácter de comisión de servizos voluntaria.

A duración da comisión de servizos abranguerá ata a adxudicación das prazas mediante concurso de traslados, sendo o período mínimo de permanencia na comisión de servizos de seis (6) meses, sen que se poida exceder o período máximo previsto na normativa aplicable. En caso de renuncia á comisión de servizos antes de que transcorran seis (6) meses, a persoa funcionaria non poderá acceder a unha nova comisión de servizos durante o prazo dun ano contado desde a data de inicio da referida comisión.

Todo o persoal funcionario seleccionado se deberá presentar no destino asignado o día indicado na resolución en que se publique a lista definitiva das adxudicacións. No caso





de que algunha das persoas seleccionadas non se presente ao posto adxudicado, terase por renunciado e cubrirase o posto coa seguinte persoa funcionaria da relación definitiva de puntuación.

As vacacións e permisos a gozar desde o día de inicio da comisión de servizos deberanse solicitar novamente desde o destino asignado en comisión de servizos.

O persoal funcionario que se atope en comisión de servizo conservará o seu posto de orixe e terá dereito ás retribucións complementarias do posto que desempeñe.

Oitavo. *Resolución*

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e tras a súa baremación, a persoa titular da Dirección Xeral de Xustiza ditará resolución de adxudicación, que se publicará de xeito simultáneo na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>).

Noveno. *Recursos*

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>).

O director xeral de Xustiza
Juan José Martín Álvarez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ANEXO I

Postos de nova creación vacantes

Corpo de xestión procesual e administrativa

Código	Unidade xudicial	Localidade	Provincia	Nº prazas
1	XULGADO MERCANTIL Nº 3	A CORUÑA	A CORUÑA	2

Corpo de tramitación procesual e administrativa

Código	Unidade xudicial	Localidade	Provincia	Nº prazas
2	XULGADO MERCANTIL Nº 3	A CORUÑA	A CORUÑA	3

Corpo de auxilio xudicial

Código	Unidade xudicial	Localidade	Provincia	Nº prazas
3	XULGADO MERCANTIL Nº 3	A CORUÑA	A CORUÑA	1





ANEXO II

PROCEDEMENTO	TIPO DE DOCUMENTO
Provisión de postos por comisión de servizos convocados por Resolución da Dirección Xeral de Xustiza de ... de de 2022	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DATA DE NACEMENTO	ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
POSTO ACTUAL			
DENOMINACIÓN			
UNIDADE			
LOCALIDADE/PROVINCIA			

MÉRITOS

Núm. de escalafón:	Antigüidade no respectivo corpo:	Coñecemento de lingua galega:	
		Certificado Celga ou equivalente	<input type="checkbox"/>
		Curso medio de linguaxe xurídica	<input type="checkbox"/>
		Curso superior de linguaxe xurídica	<input type="checkbox"/>
Corpo actual			
Data de posesión no corpo actual			

POSTOS SOLICITADOS

CÓDIGO	UNIDADE	LOCALIDADE/PROVINCIA
	XULGADO MERCANTIL Nº 3	A CORUÑA


_____, _____ de _____ de 2022

Sinatura:





Visto e prace do superior funcional



Dirección Xeral de Xustiza
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo
Rúa Madrid, 2-4, planta 2ª, polígono das Fontiñas
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

